

ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AO SECTOR ESCÉNICO E MUSICAL, NA SÚA MODALIDADE “E” (AXUDAS PARA O ASOCIACIONISMO PROFESIONAL) PARA O ANO 2007, PUBLICADAS POR RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO IGAEM DO 15 DE DECEMBRO DE 2006 (DOG Nº 12, DO 17 DE XANEIRO DE 2007).

En Santiago de Compostela, na Sala de Xuntas do **IGAEM**, sendo as 09:00 horas do día 16 de maio de 2007, reúnen-se en única xuntanza sinalada no día de hoxe as persoas relacionadas seguidamente e que compoñen a Comisión de Valoración designada para a baremación dos proxectos presentados para as axudas ao sector escénico e musical, na súa modalidade “E” (*axudas para o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais*), convocadas para o ano 2007; estando presentes os seguintes membros:

PRESIDENTE: D. Miguel A. Martín Fernández (Xerente do **IGAEM**)

VOGAIS: D. Xavier Campos López (Xefe do Gabinete Técnico do **IGAEM**)
D^a. Marcelina Calvo Domínguez (Coordinadora de actividades internas do **IGAEM**)
D^a. Belén Tabernero Alejandro (Xefa do Servizo Administrativo do **IGAEM**)
D^a María Paredes Rodríguez (Coordinadora de actividades externas do **IGAEM**)

SECRETARIA: D^a Paula Villasenín Parrado (Asesora do Departamento Xurídico do **IGAEM**)

Procédese en primeiro lugar a dar por aberta a sesión, e seguidamente dáse conta da relación de solicitudes que entraron no rexistro do **IGAEM**, poñéndose de manifesto que as instancias que presentaron documentación dentro de prazo e que tiveron entrada ate o día de hoxe no **IGAEM** para participar na citada convocatoria, na modalidade E son, segundo consta na certificación rexistral aportada polo encargado do Rexistro do **IGAEM**, un total de **DEZAOITO (18)**, resultando as seguintes:

- 1.- DANZA ESCÉNICA GALEGA (**DANESGA**)
- 2.- ASOC. SOCIOCULTURAL E DE TEMPO LIBRE DE NOVO-CIRCO E CABARÉ GALEGA
- 3.- FEDERACIÓN GALEGA DE NOVO CIRCO
- 4.- ASOCIACIÓN GALEGA DE INTÉRPRETES DE MÚSICA CLÁSICA -**ASGAIM**-.
- 5.- ASOCIACIÓN GALEGA DE PRODUCCIÓN FONOGRÁFICAS (**AGAPHONO**)
- 6.- ASOCIACIÓN GALEGA DE SALAS DE MÚSICA AO VIVO - **CLUBTURA**
- 7.- SOCIEDADE FILHARMÓNICA DE MONFORTE DE LEMOS
- 8.- ASOCIACIÓN MUJER AMISTAD DE SANTA MARINA
- 9.- ASOCIACIÓN CULTURAL MANICÓMICOS
- 10.- ASOCIACIÓN GALEGA PERCUTAS OMAR
- 11.- ASOCIACIÓN DE GAITEIROS GALEGOS
- 12.- ASOCIACIÓN DE ACTORES, DIRECTORES E TÉCNICOS DE ESCENA DE GALICIA (**AADTEG**)
- 13.- ASOCIACIÓN DE PROFESORES DE MÚSICA DE SECUNDARIA E BACHARELATO DE GALICIA
- 14.- ASOCIACIÓN CULTURAL MALVEIRAS
- 15.- ESCENA GALEGA: ASOCIACIÓN DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS
- 16.- SOCIEDADE GALEGA DO ACORDEÓN
- 17.- ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA DANZA -**A.G.P.D.**-
- 18.- ASOCIACIÓN GALEGA DE MÚSICOS ALTERNATIVOS -**A.G.M.A.**-

Compróbase que todas elas tiveron entrada nas dependencias deste rexistro, noutro rexistro oficial ou nas oficinas e servizos consignados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, dentro do prazo establecido, enviándose por medio de fax -ou por outro medio notorio que permitira ter constancia fidedigna da remisión da documentación presentada dentro do prazo límite de presentación- as instancias debidamente cubertas (o prazo rematou o día 17 de febreiro de 2007, segundo a base 5ª da convocatoria); polo que todas elas quedarían admitidas, nun primeiro momento, na presente convocatoria.

Seguidamente, acórdase comprobar e iniciar a revisión da documentación presentada polas entidades aspirantes a esta convocatoria de axudas, xa requiridas anteriormente polos Servizos administrativos do **IGAEM** e por delegación expresa do seu xerente -de conformidade coa Base 7.1 da convocatoria de axudas públicas-, correspondente á documentación complementaria requirida ás aspirantes á modalidade **E dentro do prazo de dez días hábiles**, segundo o establecido na Base 7.1.; deducíndose e observándose respecto deste punto que todas elas tiveron entrada nas dependencias deste rexistro, noutro rexistro oficial ou nas oficinas e servizos consignados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, dentro do prazo establecido, coa excepción das entidades solicitantes ***Asociación Cultural “MANICÓMICOS”*** e a ***Asociación de Profesores de Música de Secundaria e Bacharelato de Galicia-ASOMUSICA*** que, tendo finalizado o prazo do requirimento os días 31 de marzo e 26 de abril de 2007 respectivamente, non se aportou por ningunha delas a documentación preceptiva e requirida; polo que se establece que as restantes instancias queden admitidas nesta convocatoria, pasando á fase final de baremación dos proxectos, coa excepción das instancias presentadas pola ***Asociación Cultural “MANICÓMICOS”*** e a ***Asociación de Profesores de Música de Secundaria e Bacharelato de Galicia-ASOMUSICA***, por non ter presentado no prazo establecido regulamentariamente a documentación requirida, e en cumprimento da Cláusula SÉTIMA, epígrafe 1.2º das presentes bases.

Con respecto ás solicitudes de axudas presentadas para esta modalidade, compróbase que a entidade solicitante ***“Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo - CLUBTURA”***, que presentou unha solicitude a esta modalidade de axudas, presentou con data do pasado 20 de abril de 2007 e núm. de entrada no Rexistro do **IGAEM 1352**, do 23 de abril, un escrito instando o arquivo da solicitude de inscrición presentada e a súa pertinente RENUNCIA á convocatoria de axuda para o presente ano, xustificando esta medida adoptada en *“motivos de incompatibilidade con outras axudas solicitadas”*; polo que, con respecto a esta instancia, cabe aceptar a renuncia e conseguinte arquivo pola indicada entidade solicitante ao proxecto de actividades presentado.

Acto seguido, o seguinte punto da orde do día que se propón polo Presidente da comisión é o relativo á constancia de certas instancias presentadas por aspirantes que incumpren o clausulado básico e esencial para esta modalidade de axudas; así, tralo exame da documentación presentada polos aspirantes a esta liña de axudas, acórdase **EXCLUÍR** á ***Asociación Galega “PERCUTAS OMAR”***, por non cumprir cun dos requisitos necesarios esixido nas bases da convocatoria, concretamente no apartado 2ºb) do Capítulo IX, en relación cos beneficiarios que poden solicitar este tipo de achega, ao facerse constar no dito epígrafe que poderán optar ás mesmas *“entidades sen ánimo de lucro de ámbito autonómico, representativas das empresas e dos profesionais do teatro, da danza e da música, que cumpran cos seguintes requisitos:*

-Ausencia de ánimo de lucro.

-Ter social ou estatutariamente como obxecto social a promoción do teatro, da danza ou da música, ou ben a defensa dos intereses das empresas e profesionais destes ámbitos.

-Domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Ámbito autonómico”.

No presente suposto, dunha análise dos estatutos sociais da asociación, compróbase que dentro do seu obxecto social básico non se contempla a promoción do teatro, da danza ou da música como tal, nin tampouco a defensa dos intereses das empresas ou profesionais destes eidos; polo que non se podería incluír no ámbito subxectivo desta categoría de subvencións, non cumprindo tampouco co disposto neste epígrafe e procedendo acordar o rexeitamento da súa solicitude.

No mesmo sentido, pero con referencia ao ámbito territorial que debe cumprir a asociación ou entidade solicitante, cabe **EXCLUÍR** igualmente á **Sociedade Filharmónica de Monforte de Lemos**, así como á **Asociación Cultural “Malveiras”**, por non acreditar o ámbito autonómico no exercicio das súas competencias: Desta forma compróbase, do exame exhaustivo e pormenorizado da documentación achegada polas afectadas, que no primeiro dos casos o ámbito da mesma cingúese ao ámbito local, mentres que no segundo circunscríbese ao ámbito provincial; todo isto en consonancia co contemplado nas súas Actas de constitución e Estatutos fundacionais básicos; polo que esta Comisión de Valoración acorda o arquivo e exclusión destas dúas solicitudes.

Unha vez aclarado este aspecto, procédese finalmente a avaliar a documentación achegada polas restantes persoas solicitantes dentro do prazo requirido para o efecto, co fin de efectuar o seu exame, a pertinente valoración e a posterior adxudicación da subvención, con base na documentación técnica e profesional, a programación desenvolvida durante os tres anos anteriores e o programa ou calendario de actividades previsto para o presente exercicio 2007; resultando da avaliación inicialmente efectuada o seguinte informe de adxudicación provisional de axudas, para a modalidade “**F**”, emitido pola Comisión de Valoración consonte co establecido nas cláusulas 7ª apartado 3 e 8ª apartado 4, así como na epígrafe 4º do Capítulo IX da convocatoria, xuntándose á presente acta no cadro relacionado como **ANEXO I** -que se achega como parte inseparábel dela-, e elevándose ao órgano instructor para que, á súa vez, emita a proposta de resolución ao Consello Reitor do **IGAEM**.

E sendo as 11:30 horas do día 16 de maio de 2007, non tendo máis que valorar e non habendo outras incidencias, procédese a dar por rematada a presente xuntanza, levantándose e asinándose esta acta, en representación dos restantes membros, o Presidente e a Secretaria da Comisión de Valoración para constancia de canto antecede e en proba de conformidade co seu contido.

O Presidente da Comisión
Asdo.: Miguel Martín Fernández
Parrado

A Secretaria da Comisión
Asdo.: Paula Villasenín

ANEXO I

INFORME-PROPOSTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN AXUDAS PARA O ASOCIACIONISMO PROFESIONAL NO ÁMBITOS DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

(Valoración dada ás instancias presentadas na modalidade de axudas "E", consonte cos criterios acordados pola Comisión de Valoración -dentro dos previstos no apartado 4º do Capítulo IX-):

ENTIDADE SOLICITANTE	Nº REX.	PUNTUAC.	SUBVENCIÓN N SOLICITADA	SUBVENCIÓN N CONCEDIDA
ASOCIACIÓN DE ACTORES, DIRECTORES E TÉCNICOS DE ESCENA DE GALICIA-AADTEG	509	85 PTOS.	42.200 €	24.000 €
ASOCIACIÓN DE GAITEIROS GALEGOS - AGG	508	70 PTOS.	40.000 €	12.000 €
ASOCIACIÓN GALEGA DE PRODUCTORAS FONOGRAFICAS - AGAPHONO	358	65 PTOS.	43.300 €	12.000 €
FEDERACIÓN GALEGA DE NOVO CIRCO	342	60 PTOS.	20.922 €	12.000 €
ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA DANZA (A.G.P.D.)	606	60 PTOS.	44.100 €	12.000 €
DANZA ESCÉNICA GALEGA -DANESGA	283	50 PTOS.	26.925 €	6.000 €
ASOCIACIÓN GALEGA DE INTÉRPRETES DE MÚSICA CLÁSICA -ASGAIM-	344	45 PTOS.	68.351 €	6.000 €
ASOCIACIÓN DE COMPAÑÍAS PROFESIONAIS DE TEATRO (ESCENA GALEGA)	573	45 PTOS.	60.000 €	6.000 €
ASOCIACIÓN GALEGA DO ACORDEÓN	597	35 PTOS.	30.000 €	0,00 €
ASOCIACIÓN GALEGA DE MÚSICOS ALTERNATIVOS - AGMA	697	30 PTOS.	30.000 €	0,00 €
ASOCIACIÓN SOCIOCULT. E TEMPO LIBRE DE NOVO CIRCO E CABARÉ GALEGA	340	25 PTOS.	52.810 €	0,00 €
ASOCIACIÓN DE MUJERES "AMISTAD SANTAMARINA"	490	25 PTOS.	0 €	0,00 €
ASOCIACIÓN GALEGA DE SALAS DE MÚSICA AO VIVO - CLUBTURA	407	Renuncia*	24.000 €	0,00 €
ASOCIACIÓN GALEGA "PERCUTAS OMAR"	495	Excluído**	15.382 €	0,00 €
ASOC. PROFESORES DE MÚSICA SECUNDARIA E BACHARELATO DE GALICIA	521	Excluído***	30.000 €	0,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL MANICÓMICOS	492	Excluído***	46.000 €	0,00 €
SOCIEDAD FILARMÓNICA MONFORTE DE LEMOS	477	Excluído****	13.810 €	0,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL "MALVEIRAS"	546	Excluído****	10.300 €	0,00 €
TOTAL:			90.000 €	

*RENUNCIA: Presentou un escrito de RENUNCIA e arquivo da modalidade de axuda á que se presentara, co número de entrada no rexistro do IGAEM 1352, do 20 de abril de 2007.

** EXCLUÍDO por incumprimento dun dos requisitos básicos recollidos no apartado b), cláusula 2ª do capítulo IX: (ter social ou estatutariamente como **obxecto social a promoción do teatro, da danza ou da música, ou ben a defensa dos intereses das empresas e profesionais nestes ámbitos**)

***EXCLUÍDO por incumprimento dos requisitos xerais previstos na convocatoria de axudas, Base 7ª, epígrafe 1.2º, do Capítulo III (**non presentación da documentación preceptiva reclamada dentro do prazo estipulado no requirimento** remitido á solicitante).

**** EXCLUÍDOS por incumprimento dos requisitos específicos da modalidade **E**, recollidos no punto 2.a) e b) do capítulo IX (requisito de ser unha entidade sen ánimo de lucro **de ámbito autonómico**).